


AGRUPACIÓN DEPORTIVA

“O SILBATO”



RÉXIME INTERNO

DO CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

CLASES DE SOCIOS

Artigo 1. 1. Poderán ser socios, todos aqueles que pertenzan ó Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol, ben sendo árbitro, delegado-informador, directivo ou colaborador; ben tendo unha vinculación familiar con algún socio.

2. Todos os socios terán voz e voto en toda Asemblea Xeral, tanto Ordinaria como Extraordinaria, pese a ser menores de idade e non ter cumprido os dezaoto anos de idade.

INSCRICIÓN PARA ACTOS

Artigo 2. 1. Para participar nos actos programados pola Agrupación será necesario estar o corrente nos pagos das cotas, que terá que coincidir co do mes do acto.

2. Os socios, que se inscriban na folla anexa exposta no taboleiro de anuncios e antes do día sinalado como último día, serán os que teñan prioridade á hora de participar no acto, no caso de limitación de prazas ou participantes.

3. A inscrición para o acto non conleva que a Delegación de Árbitros da Coruña non lle nome partidos. Polo que se recomenda solicitar o día libre para participar no acto coa suficiente antelación.

COTA ANUAL

Artigo 3. 1. A cota anual de socio importará a cantidade que se determine, a proposta da Xunta Directiva, na Asemblea Xeral Ordinaria de cada ano.

2. As cotas poderán ser abonadas en mensualidades, bimensualidades ou nun único recibo anual.

3. Os socios que estean de excedencia ou sufran unha lesión grave, tan so terán que abonar a metade do importe das cotas, mentres continúen nesa situación.

SOLICITUDE DE ALTA

Artigo 4. 1. A cota de alta para pertencer á Agrupación Deportiva O Silbato será a que determine a Xunta Directiva en Asemblea Xeral.

2. Para os socios que se deron de baixa por vontade propia ou os que foron dados de baixa pola Xunta Directiva, para poderen volver a

pertencer á Agrupación terán que abonar a cota de alta correspondente, así como pagar as débedas contraídas coa Agrupación.

3. Admitiranse solicitudes durante toda a tempada, pero soamente terán dereito a premios por ascensos todos aqueles socios que se deran de alta antes do 31 de decembro da tempada en curso.

BAIXAS DE SOCIOS

Artigo 5. 1. Calquera socio poderá solicitar a súa baixa da Agrupación en calquera momento, e estando ó día no pago das súas cotas.

DO CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

RÉXIME ELECTORAL

Artigo 6. 1. O dereito de sufraxio corresponderá ós socios que leven a lo menos 12 meses de alta como socios e estean o corrente do pago das cotas, á data de publicación do correspondente Censo Electoral,

2. Calquera socio poderá delegar o seu voto noutro socio; tendo en conta que cada socio non poderá presentar máis de tres delegacións de voto de socios.

3. Ninguén pode ser obrigado ou coaccionado baixo ningún pretexto no exercicio do seu dereito de sufraxio, nin a revelar o seu voto.

Artigo 7. 1. Serán elixibles os socios maiores de idade, que posuíndo a cualidade de elector, teña como mínimo unha antigüidade de dous anos.

2. As candidaturas terán que presentarse por escrito, avaladas e asinadas polo 10 % dos socios electores.

Artigo 8. 1. A Xunta Electoral estará composta por tres membros que se elixirán entre persoas que non sexan candidatos, en elección libre, directa, igual e secreta. En caso de empate a votos entre os elixidos para formar a Xunta Electoral, desempatarase pola antigüidade na Agrupación.

2. De entre os membros designados o presidente será o de maior idade, e actuará como secretario o que sexa de menor idade.

3. A Xunta Electoral controlará todo o proceso electoral e terá competencia para resolver tódalas incidencias que se produzan sobre o censo electoral, presentación e proclamación de candidatos, así como a resolución de tódalas cuestións que afecten directamente á celebración das eleccións e os seus resultados. Unha vez finalizada a votación levantarase acta da votación e o recuento.

4. As decisións da Xunta Electoral son executivas e formaranse por maioría de votos. No caso de empate o voto do presidente terá carácter dirimente.

5. As reclamacións e impugnacións que se presenten contra calquera acto electoral dirixiranse á Xunta Electoral e contra esta non caberá recurso.

6. Unha vez concluído o proceso electoral, a Xunta Electoral disolverase.

Artigo 9. 1. Convocarase unha Asemblea Xeral Extraordinaria nun período non superior a tres meses da data do cese do Presidente e de toda a súa Xunta Directiva.

2. O día da convocatoria da asemblea xeral extraordinaria recaerá nun luns; xoves ou venres (dependendo de cando se entreguen os nomeamentos dos partidos).

3. Fixarase como orde do día os seguintes puntos:

- Cese do Presidente e toda a súa Xunta Directiva
- Designación do día das eleccións
- Nomeamento da Xunta Electoral

Artigo 10. 1. Tralo nomeamento da Xunta Electoral, establecerase un período de dúas semanas, a contar desde o sétimo día do mesmo nomeamento, para a presentación das candidaturas.

2. A Xunta Electoral disporá de cinco días para comprobar que as candidaturas son correcta. Feita a comprobación, e soamente en caso de que existise algunha deficiencia nalgunha delas, outorgará un novo prazo de cinco días para subsanala. Transcorridos dous días desde a conclusión do anterior prazo mencionado, a Xunta Electoral procederá a proclamación das candidaturas oficiais no Taboleiro de Anuncios.

2. Se soamente se producira a presentación dunha única candidatura, procederase a súa proclamación como Presidente da Agrupación.

Artigo 11. 1. Trala toma de posesión da Xunta Electoral, esta terá que elaborar o Censo Electoral, no prazo dunha semana.

2. Unha vez elaborado o Censo Electoral, procederá a publicitalo no taboleiro de anuncios.

3. Todo socio que non se atope no mencionado censo disporá dun prazo dunha semana para presentar reclamación contra a mencionada decisión da Xunta Electoral. Todas as reclamacións serán resoltas nun prazo non superior a cinco días, e despois das mesmas procederase a publicación definitiva no Censo Electoral.

4. Se o motivo da non publicación no primeiro censo fose o feito de non estar o corrente do pago das cotas, permitiráselle que as abone

no prazo referido no punto anterior e así poida aparecer no censo electoral final.

Artigo 12. 1. A Xunta Electoral terá o seguinte horario oficial de recepción de reclamacións ou impugnacións: de 19:00 a 21:00 horas, horario que pode ser modificado pola propia Xunta Electoral se así o estimase oportuno, para establecer un novo, que deberá ser de idéntica duración co anterior e que deberá publicar no Taboleiro de anuncios.

Artigo 13. 1. A Xunta Electoral abrirá a mesa de votacións ás 20:00 horas, permanecendo aberta ata as 21:30 horas.

2. Se por calquera causa de forza maior, fose necesario prolongar o horario anteriormente citado, soamente a Xunta Electoral terá tal facultade de decisión.

3. Cerrada a mesa electoral, procederase o reconto por parte da Xunta Electoral. Despois do cal se levantará acta cos resultados, que se publicarán no taboleiro ese mesmo día.

4. En caso de empate a votos entre os candidatos, repetiranse as eleccións, no prazo exacto dunha semana; e de persistir o empate na segunda convocatoria será presidente o que teña maior antigüidade na Agrupación Deportiva O Silbato.

Artigo 14. 1. Contra o reconto de votos cabe impugnación no prazo dunha semana desde a publicación no taboleiro de anuncios da acta cos resultados das eleccións ante a Xunta Electoral, que resolverá no prazo máximo de sete días a recepción da reclamación

2. Contra a resolución da Xunta Electoral só cabe recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva da Xunta de Galicia no prazo dun mes desde a recepción da mencionada resolución.

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 16. 1. A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS POR PARTE DA XUNTA DIRECTIVA, CONLEVA ESTABLECER AS SANCIONS ECONÓMICAS PARA CADA ACTIVIDADE, XUNTO CAS BASES DA MESMA, A EXCEPCIÓN DAS ACTIVIDADES DO PUNTO SEGUINTE.

2. PARA OS PARTIDOS DE FÚTBOL, FÚTBOL-SALA E FÚTBOL PRAIA, AS SANCIONS ECONÓMICAS SERÁN AS SEGUINTE:

AMOESTACIÓNS:

- | | |
|---------------------------------------|------|
| 1. Infrinxir as regras de xogo | 2,00 |
| 2. Desaprobar con palabras ou accións | 5,00 |

EXPULSIÓNS:

- | | |
|---|-------|
| 1. Dobre amoestación ás regras de xogo ... | 4,00 |
| 2. Manifesta ocasión de gol | 3,00 |
| 3. Xogo busco grave co balón en xogo..... | 5,00 |
| 4. Conducta violenta | 20,00 |
| 5. Linguaxe ofensiva, groseira u obscena... | 25,00 |
| 6. Conducta violenta có árbitro | 30,00 |

Nestes tres últimos puntos de expulsión, abrírase expediente disciplinario podéndose chegar á expulsión do infractor como socio.

Artigo 17. 1. INCUMPRIMENTO DAS NORMAS XERAIS:

- | | |
|--|-------|
| 1. Causar retraso no comezo das actividades | 3,00 |
| 2. No acatar as decisións do adestrador | 10,00 |
| 3. Menosprezar a un compañeiro no xogo | 10,00 |
| (Se reincidise expulsión da Agrupación) | |
| 4. Menosprezar a Xunta Directiva ou Socios
en actos celebrados en público | 15,00 |
| (Se reincidise expulsión da Agrupación) | |

PREMIOS E DISTINCIÓNS

Artigo 18. 1. Premiarase a todos aqueles socios que conseguiran o ascenso de categoría e o valor do premio non poderá exceder das porcentaxes seguintes sobre a cota anual.

ASCENSOS

<u>CATEGORIA</u>	<u>ARBITROS</u>	<u>ASISTENTES</u>	<u>INFORMADORES</u>
------------------	-----------------	-------------------	---------------------

NACIONAIS:

1ª DIVISIÓN	100 %	85 %	85 %
2ª DIVISIÓN "A"	85 %	70 %	70 %
2ª DIVISIÓN "B"	70 %	55 %	65 %
3ª DIVISIÓN	60 %		55 %

REXIONAIS:

PREFERENTE	50 %
1ª REXIONAL	35 %
2ª REXIONAL	25 %
3ª REXIONAL	20 %

FUTBOL-SALA:

DIVISION DE HONRA	80 %
DIVISION DE PRATA	70 %
PRIMEIRA "A"	60 %
PRIMEIRA "B"	50 %
PROVINCIAL	35 %

2. Premiarase a todos aqueles socios que renunciaron a súa categoría de árbitro e ingresaron noutro corpo, sen recibiren ningún tipo de homenaxe por retirarse do arbitraje en activo.

INGRESOS

	<u>ASISTENTES</u>	<u>INFORMADORES</u>
CORPO DE ASISTENTES	25 %	
CORPO DE INFORMADORES		25 %

RETIRADA

	<u>ARBITROS</u>	<u>ASISTENTES</u>	<u>INFORMADORES</u>
RETIRADA	80 %	80 %	80 %

COLABORACIONES:

COLABORACIONES SIMPLES:	20 %
COLABORACIONES ESPECIAIS	60 %

OUTROS PREMIOS:

PREMIO Á DESGRACIA (lesión):	25 %
PREMIO Á CONSTANCIA:	30 %
PREMIO COMPAÑÍA:	30 %

INSIGNIAS:

OURO:

ÓS 10 ANOS DE SOCIO